

XOÁN CARLOS GORIS GARCÍA

ORCID: 0009-0009-2721-2728

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

xoancarlos.goris.garcia@usc.gal

Cambio de código e acomodación lingüística ante as cámaras de televisión: a gheada e o rotacismo. Unha achega ao cambio lingüístico no galego

Palabras chave: cambio de código — acomodación lingüística — gheada e rotacismo — ideoloxías lingüísticas — cambio lingüístico.

Resumo

O cambio de código e a acomodación lingüística son fenómenos máis ou menos naturais e comúns dentro das comunidades bilingües compostas por falantes que, canto maior sexa o seu repertorio lingüístico, máis posibilidades pragmáticas terán á hora de comunicarse co seu interlocutor, adaptarse ao tema, situación ou rexistro. Como se producen estas mudanzas e que supoñen para o cambio lingüístico en marcha no galego será o obxectivo deste traballo. Ademais, centrémonos na análise do comportamento dun grupo de falantes morañeses con respecto aos trazos dialectais da gheada e o rotacismo cando son gravados polas cámaras de televisión. Así, e seguindo a metodoloxía da sociolingüística variacionista de Lavob, puidemos observar que é a gheada o trazo que maior acomodación vai recibir fronte ao gran mantemento do rotacismo, que as mulleres son o grupo máis innovador e que a xeración máis nova semella recuperar algúns usos tradicionais da lingua.

1. Introducción

O galego e o castelán son linguas en situación de contacto prolongado en todo o territorio de fala galega, que ademais, manteñen unha relación de desigualdade social, sendo o castelán a Lingua A ou dominante e o galego a Lingua B ou subordinada. O contacto entre elas intensificouse sensiblemente nas últimas décadas, dando lugar principalmente a cambios fonolóxicos e prosó-

dicos, actualmente en curso. Non é tarefa doada sabermos que factores condicionan o cambio lingüístico e se estes son endóxenos ou exóxenos, pois con frecuencia hai razóns de tipo interno, que afectan á estrutura da lingua, que poden favorecer o proceso de cambio, pero na maioría de casos son razóns de tipo extralingüístico as que fan que o proceso de cambio se acelere e mesmo se consolide. Ademais, as mudanzas que se producen nestas situacións de contacto lingüístico teñen un significado social e discursivo a miúdo pouco estudado.

O que carece de toda dúbida é que o galego nos pode fornecer datos interesantes porque é unha lingua en situación de contacto continuado co castelán desde a Idade Media e viuse afectada por cambios sociais, económicos e culturais moi relevantes. Estes levaron a unha intensificación dese contacto e á conseguinte aparición de numerosos fenómenos de variación e cambio lingüístico e a unha situación lingüística moi complexa mais tamén moi rica dende o punto de vista social e discursivo.

A vida dos falantes bilingües dunha comunidade de fala (Gumperz, 2009 [1968]) con dúas linguas vai levar consigo, acotío, a alternancia no uso desas dúas linguas. Galicia non é unha excepción e os galegos e galegas participan, conscientemente ou non, neste fenómeno ata o punto de termos unha gran parte da poboación que ten interaccións nas que alternan galego e castelán de maneira moi frecuente. Así, “esta sociedade con competencias bilingües, caracterízase tamén por unha práctica maioritariamente bilingüe” de tal xeito que “[a]s persoas que fan un uso bilingüe na súa vida diaria son o grupo maioritario” (Monteagudo *et al.*, 2016: 251, 255). O cambio de código é pois unha práctica habitual no territorio que se ve claramente potenciado por mor da diglosia aínda existente e que favorece o uso do castelán en determinados contextos e tamén o uso do galego noutros.

Existen estudos sociolingüísticos suficientes que nos falan da alternancia de linguas galego-castelán mais non é así para o caso da acomodación lingüística dentro das variedades lingüísticas da mesma lingua, neste caso do galego. Como é de esperar, tamén se producen acomodacións nos intercambios feitos dentro da mesma lingua, nas interaccións entre as variedades dialectais. Non é imprescindible que se introduza unha lingua diferente para vermos como os falantes se adaptan á variedade do interlocutor e á situación comunicativa. A isto, e para diferencialo da acomodación entre linguas, chamámoslle nivelación lingüística. A lingua non é un produto estático, fixo ou inmutable senón que está marcada polo dinamismo e cambio continuo. Cabe pois, estudar esas mudanzas xa que nos van dar moita información sobre as actitudes lingüísticas do falante e o seu grao de compromiso coa súa variedade dialectal habitual, e en consecuencia coa súa lingua. Para isto decidimos escoller situacións comunicativas nas que os falantes se expoñían ás preguntas dun reporteiro que empregaba a variedade estándar ou normativa. Así, ademais da lingua que escollan tamén vai ser de interese a variedade que empreguen e ver se abandonan ou non certos trazos dialectais a favor dos da variedade estándar.

Esta última, como ampliaremos máis adiante, conta cun notable prestixio e é a empregada especialmente na esfera pública onde se atopan os medios

de comunicación que se expresan en galego como é o caso da *Televisión de Galicia (TVG)*. Desta canle procede a meirande parte da produción oral analizada neste traballo.

Como adiantamos, na nivelación lingüística producida nas interaccións decidimos centrarnos na análise dos trazos fonético-dialectais da gheada e o rotacismo e o seu uso no Concello de Moraña. A gheada é un fenómeno fonético do galego que consiste na realización aspirada [h] ou velar [x] principalmente, do fonema /g/, sendo este último oclusivo velar sonoro no modelo fonético socialmente aceptado como estándar. O rotacismo, pola súa banda, consiste no paso de [s] en posición implosiva a [r] diante de consoante sonora (Fernández Rei 2003: 57) ou, de maneira máis completa, podemos definir este fenómeno como o cambio do segmento fricativo alveolar situado na coda da sílaba polos segmentos golpeado alveolar [r] ou aproximante alveolar [ɾ] (Dubert 1999: 367).

Cómpre destacar que Moraña, o lugar no que traballaremos, é un municipio predominantemente rural pese a ter un pequeno casco urbano no que prevalecen actividades do sector servizos. Polo que respecta á súa localización xeográfica, está situado na zona intermedia entre a chaira litoral e as terras altas da provincia de Pontevedra, pertence á comarca de Caldas e limita cos concellos de Campo Lameiro, Barro, Cuntis, Caldas de Reis e Portas. A maior parte dos morañeses son galegofalantes, segundo datos do IGE de 2018 (IGE, 2019), as tres cuartas partes da poboación ten o galego como lingua habitual ou emprégaa máis que o castelán.

Os noso obxectivo fundamental será pois, medir o nivel de resistencia que presentan as variedades dialectais do galego na actualidade dentro dun contexto formal. É dicir, queremos saber se os falantes abandonan o seu dialecto ben, para empregar a variedade estándar do galego, ou ben para falar en castelán ou se, pola contra, conservan a súa forma habitual de lingua. Neste último caso interesará ver en que grao a manteñen a través da análise do uso da gheada e do rotacismo. Outros obxectivos serán comprobar o grao de presión lingüística da variedade estándar do galego, a empregada polos entrevistadores, o uso dos trazos fonéticos mencionados segundo as variables sociolingüísticas consideradas ou o grao de influencia que exerce o contexto comunicativo nas producións analizadas.

Ao mesmo tempo temos diferentes hipóteses ou resultados agardados. En primeiro lugar, e tendo en consideración a deriva sociolingüística do galego, esperamos que haxa un número considerable de falantes que fagan un cambio de código cara ao castelán, ou cando menos, cara á variedade galega de prestixio, a estándar. En todo caso, vemos moi probable o abandono de trazos dialectais galegos non coincidentes cos do castelán ou non habituais no estándar galego por mor da diglosia existente ou da presión lingüística exercida cara variedades cun menos prestixio social. En particular, pensamos que a gheada vai ser o trazo máis afectado, cunha menor aparición polo tanto, debido a que é un trazo tematizado, do que se fala a miúdo, a que ten un estigma social forte dende hai moito (Recalde Fernández, 2022) e a que é “sinxelo” facelo desaparecer posto que o falante é bastante consciente do seu uso. Para o rotacismo

tamén presaxiamos que se vai ver afectado negativamente o seu uso mais en menor medida que a gheada.

Con frecuencia, unha persoa modifica ou adapta a súa variedade habitual de comunicación oral cando se enfrenta a unha situación comunicativa que, *a priori*, require certa formalidade e pode poñer en dúbida a súa imaxe social. Deste xeito, agárdase que o falante tenda a amosar a súa mellor “cara” (seguindo a E. Goffman, 1967) realizando as mudanzas que crea convenientes na súa fala. Así, para proxectar esa imaxe social positiva máis adecuada e “aceptable” no medio en que se atopa, o falante tenderá a eliminar trazos non asociados a ela. Para poñer isto a proba decantámonos por aquelas ocasións en que televisión vai gravar algún evento ou cubrir unha nova e lles pregunta ou fai pequenas entrevistas aos asistentes ou veciños presentes no lugar. Nestas situacións esperamos que os entrevistados tendan a proxectar a imaxe social que consideran máis apropiada para ser gravada pola televisión. Isto tamén nos fai prever que os falantes, nese medio e situación comunicativa, fagan uso da lingua estándar ou se acheguen ás características da mesma, pois é “código aceptado” (*código léxítimo* de Bourdieu (2014 [1982])) socialmente nese contexto. O anterior ocorrerá en maior medida canto maior sexa tamén o dominio da variedade estándar da lingua por parte do falante.

Estes intercambios, á vez, poden levar consigo unha negociación de identidades e, nestas situacións, un reporteiro (habitualmente xornalista) cunha cámara e un micrófono representa, dende o punto de vista sociolingüístico, unha figura e identidade bastante marcada e homoxénea. Estamos falando dun perfil profesional cunha boa reputación social, con estudos universitarios, que emprega a variedade do galego estándar (variedade de prestixio), que habitualmente ten unha fonética bastante próxima á do castelán e procede dun hábitat principalmente urbano.

Debido ao anterior, consideramos de interese analizar os cambios de código e, especialmente, a acomodación levada a cabo polos falantes coñecendo previamente cal é a súa lingua ou variedade habitual. Agardamos tamén, que neste contexto, os falantes sintan certa presión e pensen que a súa imaxe social pode estar en risco. Neste senso, a gheada e o rotacismo, como trataremos máis adiante, non son considerados habitualmente como trazos propios dunha variedade formal, da estándar ou de prestixio. Por este motivo, decidimos centrarnos tamén nestes dous trazos fonéticos.

2. Procedemento

Este traballo levouse a cabo cunha metodoloxía sociolingüística variacionista, desenvolvida por Labov (1983 [1972]), xa que esta se basea na existencia de factores lingüísticos e sociais estreitamente relacionados cos procesos de cambio lingüístico. Os estudos elaborados con este método fundaméntanse

na análise dun corpus como ocorre nos recentes estudos de Louredo (2019) ou Dopazo (2022). No noso caso, o corpus oral feito por nós mesmos e nel, como é habitual, incluíronse e posteriormente analizáronse variables lingüísticas e sociais para así determinar cales son os factores que favorecen ou non o cambio ou a acomodación lingüística. Deste xeito, o noso estudo contén tanto datos cuantitativos como cualitativos, sendo os segundos fundamentais na metodoloxía empregada posto que son os que nos van dar máis información co fin de intentar atopar modelos de comportamento semellantes na interacción lingüística.

2.1. Método de obtención dos datos

Obtivemos as producións orais acudindo a programas de televisión da *TVG* e do *Canal Rías Baixas subidos* na Rede nos que visitaban o Concello de Moraña. Buscamos pequenas entrevistas ou preguntas feitas a veciños nas festas da súa vila ou na cobertura de noticias do lugar en que un reporteiro preguntaba aos afectados polo acontecido. Visualizamos o material previamente, seleccionamos un grupo de informantes que nos achegaron información dos veciños participantes nos programas e fixemos unha selección dos falantes segundo a información que tiñamos deles. A continuación, realizamos as seguintes tarefas:

1) Reunir aos informantes para visualizar o contido e que nos deran información sobre as variables sociolingüísticas dos falantes cunha previa explicación sobre elas. Asemade, procedeuse á toma de notas.

2) Realizar as transcrisións das secuencias seleccionadas.

3) Elaborar unha táboa dos falantes seleccionados coa información recollida tanto nas entrevistas dos informantes (as variables sociolingüísticas) como na produción oral dos falantes ademais doutros aspectos.

4) Crear o noso propio corpus adaptado ás necesidades da investigación.

3. Tratamento dos datos e selección de secuencias

Despois da recollida de datos cos informantes comezamos co procesamento da linguaxe oral e a selección das secuencia de interese. Así, en primeiro lugar, realizamos as transcrisións ortográficas das producións dos falantes co programa *ELAN* e, así, tamén puidemos seleccionar os fragmentos e aliñar o son coa transcrisión ortográfica introducida. Durante este proceso eliminamos algún falante dos inicialmente seleccionados por teren pouca produción ou non poder comprobar se os galegofalantes usaban ou non a gheada ou o rotacismo por non darse o contexto fonético necesario para a realización destes trazos .

Creamos liñas de anotación nomeadas segundo as variables sociolingüísticas dos falantes e tamén demos conta das intervencións dos entrevistadores

(E). Isto fixémoslo para despois poder acceder máis rápido a cada falante e ás súas características. Comezamos indicando o número de falante, a continuación o sexo (home ou muller) e o tramo de idade (TI). Continuamos indicando os datos sobre lingua habitual e lingua na entrevista e rematamos o nomeamento das liñas de anotación co número de programa no que aparece ese falante. Así, por exemplo 7 M-TI1-GE-GAL-01 é o falante número sete, ten menos de 14 anos, usa habitualmente galego na súa variedade local e tamén o español, na entrevista empregou a variedade local galega e aparece no programa 1. Ou tamén o caso de 78 M-TI3-ESP-GALest-12-13, a falante 78 que ten entre 25 e 50 anos, usa o español como lingua habitual mais exprésase en galego estándar na entrevista e aparece nos programas 12 e 13.

O paso seguinte foi crear unha táboa con toda a información dispoñible nos procesos anteriores: os falantes coas súas variables sociolingüísticas, o uso da gheada e o rotacismo que facían nas produción orais así como diferentes observacións con máis datos achegados polos informantes e, por exemplo, sobre a interacción con outros falantes dentro da entrevista.

Xa por último, procedemos á selección das secuencias co fin de crear o noso propio corpus orientado ós obxectivos do estudo. Así, elaboramos outra táboa onde sinalamos se os falantes fan uso ou non da gheada, se esta ten realización farínxea ou velar e se empregan o rotacismo. Tamén indicamos a que palabras lle afectan estes fenómenos e en que contexto se produce. Debemos salienta que para o Corpus final seleccionamos só aos falantes que se expresaban en galego nas entrevistas xa que é neses casos onde é posible analizar o uso dos trazos fonéticos a estudo. As persoas que usaron o castelán igualmente tamén aparecerán recollidas nos resultados do traballo.

4. Resultados

a) Cambios de código

Para falarmos dos comportamentos lingüísticos dos falantes en relación ao cambio de código deberemos comparar a variable de Lingua Habitual e Lingua na Entrevista e vemos se se produciron alternancias na lingua ou variedade empregada ou se esta se mantivo. Cos resultados obtidos distinguimos tres grupos de falantes: os monolingües en galego, como grupo maioritario (69) e que aumenta os seus resultados na entrevista (87); os que fan un uso bilingüe de galego e español, que reduce sensiblemente os seus resultados pasando de 15 a 3 as persoas que fan na práctica un uso bilingüe; e os monolingües en español, grupo minoritario que tamén se ve diminuído tendo 8 persoas español como lingua habitual pero usándoo só 2 na entrevista. Deste xeito, é, en xeral, o uso do galego o que sae beneficiado. En particular, a variedade estándar do galego pasa de ser lingua habitual de 5 persoas a empregala 19 na

entrevista e tamén se rexistra un forte mantemento na entrevista da variante galega local. Temos así un comportamento bastante converxente coa lingua empregada polo entrevistador (o galego). Podemos observar estes resultados nas seguintes táboas:

Figura 1. Lingua habitual dos falantes

LINGUA HABITUAL					
Monolingües en galego			Uso bilingüe		Monolingües en español
Gal. local	Gal. estándar.	Gal. estándar.+ gal. local	Gal. local + español	Gal. estándar. + español	Español de Galicia
64	5	0	10	5	8
69			15		8

Fonte: elaboración propia do autor.

Figura 2. Lingua usada nas entrevistas

LINGUA NA ENTREVISTA					
Monolingües galego			Uso bilingüe		Monolingües español
Gal. local	Gal. estándar.	Gal. estándar.+ gal. local	Gal. local + español	Gal. estándar. + español	Español
67	19	1	3	0	2
87			3		2

Fonte: elaboración propia do autor.

Coa comparación de Lingua Habitual e Lingua na Entrevista observamos que se produce cambio de código, tal e como o definiu inicialmente Gumperz (1982) nun total de dez casos. Neles hai unha tendencia maioritaria, xa que o fan sete falantes, a abandonar o español como lingua habitual e a empregar na entrevista o galego na súa variedade estándar (falantes 13, 37, 48, 52, 53, 54 e 78). Se consultamos as variables sociolingüísticas destes falantes atopamos que pertencen a tramos de idade diferentes, teñen tamén diferente nivel de estudos pero que maioritariamente traballan no sector servizos e son de clase media-baixa. Nos outros tres casos en que temos cambio de código preséntanos os falantes 9, 51 e 92 que teñen o galego na súa variedade local como lingua habitual pero que a combinan na entrevista co español, especialmente na parte inicial da mesma.

Mais, seguindo a Cantero e De Arriba (1996), os casos anteriores só responden á modalidade de cambio denominada por estes dous autores como “cambio idiomático” existindo outro tipo de cambio de código chamado “cambio dialectal”. Así, deste novo cambio de código tamén formarán parte as alternancias entre variedades lingüísticas. Na nosa investigación atopamos, tal

e como indicamos, un gran grupo de falantes coa variedade local galega como lingua habitual que manteñen esta variedade na entrevista (56 falantes dun total de 92). Estes presentarían pois, a priori, un comportamento diverxente con respecto á variedade estándar utilizada polo reporteiro que os entrevista, posto que non mudan a súa variedade para pasar a falar en galego estándar. Precisamente, isto último é o que fan 11 falantes, maioritariamente con español como lingua habitual (6) aínda que tamén o fan 2 con galego local como lingua habitual e outros 2 con galego local e español como lingua habitual. Teñen, pois, un comportamento converxente co entrevistador. O outro falante ten galego estándar como lingua habitual pero na entrevista combina esta variedade coa local morañesa. Por outra parte, os falantes que empregan habitualmente a variedade estándar galega, tamén supoñen outro grupo cun gran mantemento da súa variedade na entrevista pois fano 8 dos 10 falantes que teñen o galego estándar entre as súas linguas habituais.

Como representación do cambio de código, tanto idiomático como dialectal, gustaríanos poñer como exemplo á falante 9. Esta presentou un comportamento totalmente diglósico. Tendo o galego local como lingua habitual, mestura de maneira constante galego e español. Así, por exemplo, fala en español cando lle piden que organice coa súa compañeira (falante 10) unha entrevista e lla faga ao reporteiro da TVG mais despois alterna con galego estándar e local, incorporando gheada e rotacismo.

En resumo, dentro do cambio de código dialectal destaca o alto mantemento da variedade local morañesa e da estándar galega. Do mesmo xeito, e debido á diglosia presente no territorio galego, chámamos á atención que ningún galgofalante empregue só español na entrevista e que só dous monolingües en español (dun total de 8) manteñan a súa lingua na entrevista.

b) Acomodacións lingüísticas

Pasando agora a analizar as acomodacións lingüísticas que se produciron no noso traballo, comezaremos recordando que as acomodacións se dan cando os falantes fan cambios no seu discurso para minimizar as diferenzas lingüísticas con respecto ás variedades dos seus interlocutores (Howard Giles, 1980). Se estas acomodacións se producen, estaremos ante a busca da converxencia por parte do falante mais, se non acontecen, teremos a procura da diverxencia. Esta, pode ter como finalidade establecer distancia social e / ou reforzar a pertenza a un grupo determinado. Ou o que é o mesmo, a acomodación pode darse mediante dúas vías (Kabatek, 2015): a “simétrica” e a “asimétrica”. No noso traballo imos ver que tipo de acomodación predomina mediante os usos que se fan da gheada e o rotacismo.

Como xa sinalamos anteriormente, a variedade estándar, representada aquí polo reporteiro de televisión, caracterízase polo non uso da gheada nin do rotacismo mentres que, na variedade local de Moraña, si están presentes estes dous

trazos dialectais. Os falantes de galego na entrevista serán os que nos mostren, mediante os resultados obtidos, se fixeron acomodacións, isto é, se eliminaron eses trazos ou reduciron o seu uso ou se, pola contra, mantiveron o seu uso. Así, consideramos que, canto menor sexa o uso da gheada e o rotacismo maior será tamén o grao de acomodación lingüística producido e viceversa.

En primeiro lugar, mostramos cales foron os usos xerais de gheada e rotacismo para, despois, ver se hai variación ou non no seu uso segundo as variables sociolingüísticas consideradas. En canto á gheada, un 42%, isto é, 29 dos 68 falantes nos que se puido comprobar o seu uso, empregouna cando menos nalgunha ocasión da entrevista. Estes datos supoñen un uso medio-baixo do trazo. A distribución por grao de uso foi a seguinte: pleno con 15 falantes, alto con 7, medio con 2, baixo con 5 e nulo con 39 falantes. Se falamos do uso do rotacismo, os datos elévanse ata case duplicar o uso da gheada pois fan uso del o 80% dos falantes. Isto supón un uso elevado do trazo e infórmanos de que, con diferenza, é a gheada o trazo que maior acomodación recibe. Os resultados por grao de uso do rotacismo foron: pleno en 33 falantes, alto en 4, un uso medio en 8, baixo en 6 e nulo en 13. Deste xeito, confirmamos parte da nosa hipótese xa que a gheada baixa o seu uso notablemente nun contexto formal debido ao forte estigma que posúe o trazo fronte ao rotacismo, que ve minimamente alterado o seu uso (só un 20% o abandona) por non ter esa valoración social e os falantes non seren tan conscientes do seu uso.

En segundo lugar, procedemos agora a indicar e a comparar os resultados obtidos do uso da gheada e o rotacismo segundo as variantes sociolingüísticas que consideramos (sexo, tramo de idade, lingua habitual, lingua na entrevista, nivel de estudos, clase social, tipo de oficio e hábitat).

c) Trazos e sexo

Polo que respecta á variable sociolingüística do sexo debemos salientar que se aprecia un uso da gheada moito maior no sexo masculino (56%) que no feminino (29%) e un uso do rotacismo tamén máis elevado nos homes (91%) que nas mulleres (69%). Así, podemos afirmar que é o grupo feminino o que maior acomodación realiza tanto na gheada como no rotacismo pese a que no grupo masculino tamén se realiza unha gran acomodación no caso da gheada. Esta notable diferenza en relación ao sexo pode ter diferentes explicacións sociolóxicas ben coñecidas mais o que queda claro no noso traballo é a constatación dun grupo feminino lingüisticamente máis innovador e, polo tanto, que adapta e achega máis a súa variedade á do interlocutor. Neste sentido, o grupo masculino é máis conservador e mantense máis fiel á variedade local. Existen estudos que obtiveron resultados na mesma liña como o de Lippi-Green (1989), neste caso para as xeracións máis novas, no que se investigou o proceso de cambio lingüístico en zonas rurais de Vorarlberg, ao occidente de Austria:

Within the youngest generation, women innovate to a greater degree than men. This may be due to the fact that the younger men resist, to some degree, a change associated with women. This would mean that women and men of this age group use different linguistic variables to mark their speech as locals (Lippi Green, 1989: 226).

d) Trazos e tramos de idade

Se observamos as idades dos falantes podemos ver que, naqueles casos onde se puido comprobar, os que máis empregan a gheada son as dúas xeracións máis novas e a máis anciá. Isto é, os menores de 14 anos, os comprendidos entre 15 e 25 anos e os maiores de 70 anos. Estes altos datos da gheada nas persoas mozas poden sorprendernos, en especial os rexistrados no TII (86% de uso) mais debemos considerar que a maioría deses falantes, en concreto 8 dos 13 que conforman o grupo de idade, eran nenos todos menores de 8 anos. Nestas idades tan temperás, é posible que a estigmatización social da gheada aínda non afectaran coa mesma forza que o fai noutras como a adolescente ou a adulta. Ademais, podemos pensar no aínda baixo efecto que puido ter o ensino como axente estandarizador do galego que é, debido a que estes falantes levan pouco tempo escolarizados e cursan niveis iniciais. Neste senso:

investigacións realizadas sobre o comportamento lingüístico infantil [...] conclúen que, cara aos tres anos, os nenos comezan a ter conciencia das diferenzas lingüísticas e a distinguir entre a súa fala e a dos demais [pero non é ata] preto dos dez [cando] son capaces de percibir os correlatos socioeconómicos das variedades lingüísticas. Asemade, aqueles pertencentes a grupos minorizados adquiren gradualmente as actitudes lingüísticas da cultura dominante a medida que aumentan os anos de escolarización (Recalde Fernández, 2022: 13).




Figura 3. Uso da gheada segundo o tramo de idade. (Unidade: N° de falantes)

Fonte: elaboración propia do autor.

Así, no TI1 emprega a gheada un 86% dos falantes, no TI2 un 57%, no TI3 un 16%, no TI4 un 39% e no TI5 un 58%. Para o rotacismo, os datos son moito máis altos, atopándonos que todos os membros de TI1 fixeron uso do trazo cando menos nalgunha ocasión e que os que menos empregaron o trazo sitúanse no TI3. As porcentaxes, naqueles casos onde se puido comprobar a presenza do rotacismo, son do 100% para o TI1, 80% para o TI2, 82% no TI3, 67% no TI4 e 92% para o TI5. Podemos ver as distribucións anteriores segundo o número de falantes nas seguintes gráficas:




Figura 4. Uso do rotacismo segundo o tramo de idade. (Unidade: Nº de falantes)

Fonte: elaboración propia do autor.

Deste xeito, volvemos comprobar que o trazo que sofre maiores acomodacións é o da gheada, especialmente por parte dos falantes do TI3 e TI4. Mentres, no rotacismo só atopamos unha acomodación destacable no TI3 posto que un terzo dos membros deste grupo non o emprega.

e) Trazos e lingua habitual

Se observamos a variable de Lingua Habitual podemos apreciar como o grupo de monolingües en galego é o que menor acomodación lingüística practica especialmente no rotacismo, onde só o 5% dos falantes decide eliminar ese trazo. Canto ao grupo bilingüe vemos unha maior acomodación, sobre todo coa gheada.

As porcentaxes de uso da gheada son do 50% para os monolingües en galego habituais e do 27% para os que teñen un comportamento bilingüe de maneira habitual e, para o rotacismo, do 95% para os monolingües en galego

e do 67% para os bilingües habituais. De novo, volvemos ver que é o trazo da gheada o que maior acomodación recibe, isto é, o que máis baixa no seu uso.

f) Trazos e lingua da entrevista

Na variable da lingua empregada na entrevista observamos un comportamento inverso ao que ocorría coa Lingua Habitual. Así, temos de novo un grupo monolingüe en galego que non tende a realizar acomodacións mediante o rotacismo e faino na metade do casos coa gheada pero, neste caso é o grupo bilingüe o que presenta unha menor acomodación, especialmente no rotacismo que é nula.

As porcentaxes de uso da gheada son do 43% para os falantes monolingües en galego na entrevista e do 50% para os que tiveron un comportamento bilingüe na mesma e, para o rotacismo, son do 79% e do 100%, respectivamente.

g) Trazos e nivel de estudos

A variable Nivel de Estudos danos uns datos bastante claros xa que, canto maior é o nivel de estudos, maior tamén é a acomodación que os falantes realizan na situación comunicativa á que se enfrontaron. Isto ocorre tanto coa gheada, que volve ser o trazo que recibe maior acomodación, como co rotacismo.

Así, as porcentaxes do uso da gheada para os falantes con estudos básicos é do 49%, do 27% para os que contan con estudos superiores, do 12% para os que dispoñen de formación universitaria e do 86% para os que aínda se atopan na etapa escolar. No caso do rotacismo, os datos aumentan ao 81%, 72%, 78% e 100 % respectivamente.

h) Trazos e clase social

Seguindo os nosos resultados, son os falantes que pertencen á clase social media-alta os que practican unha maior acomodación lingüística no caso da gheada mais non no do rotacismo, onde predomina a acomodación por parte dos falantes de clase media-baixa pese a esta ser, igualmente, moita mais baixa cá da gheada.

As porcentaxes do uso da gheada son do 44% para os falantes de clase social media-baixa e do 29% para de media-alta. No relativo ao rotacismo, as porcentaxes soben a 78% e 100% respectivamente.

i) Trazos e tipo de oficio

A variable do tipo de oficio infórmanos de que as maiores acomodacións se realizan por falantes empregados no sector rural, tanto na gheada coma no

rotacismo. Tamén nos amosa que os traballadores do sector servizos son os que máis se opoñen a perder a gheada na interacción e os do sector público-profesional os que máis eliminan o rotacismo pese a faceren deste un uso elevado.

A porcentaxe do uso da gheada para os falantes que traballan no sector rural é do 73%, do 36% para os empregados no sector servizos e do 50% no casos dos traballadores público-profesionais. Para o rotacismo, os datos en orde respectiva son do 82%, 80% e 67%.

j) Trazos e hábitat

Coa variable do Hábitat non atopamos un resultado concluínte debido a que, posiblemente, as diferenzas lingüísticas entre os falantes que viven no casco urbano e os que o fan nas zonas máis rurais aínda non sexan moi apreciábles. Ademais, tamén é debido a que o concello de Moraña continúa sendo predominantemente rural na súa totalidade. Temos pois, como vén sendo común, uns niveis medios de acomodación da gheada e moito máis baixos para o rotacismo.

As porcentaxes do uso da gheada por parte dos falantes que residen na zona rural é do 42% mentres que para os que viven na zona máis semirural é do 44%. Para o rotacismo son do 77% e 88% respectivamente.

k) Comparativa entre o uso da gheada e do rotacismo. Tipos de gheada

Para rematar e pechar o apartado de resultados gustaríanos salientar que cando o falante presenta gheada e rotacismo non o fai no mesmo grao de uso (pleno, alto, medio, baixo). Neste senso e, realizando a comparativa de uso dos dous trazos, podemos observar que o grao de uso do rotacismo é moito maior có da gheada tal e como recollemos na seguinte gráfica:

Confirmamos así o noso presuposto e cremos que isto é debido a que, seguindo a Recalde Fernández 2022, a gheada é un trazo tematizado, do que se fala a miúdo e que posúe un estigma social forte dende hai moito. Polo tanto, é moito máis fácil que desapareza (e apareza en determinados contextos) que o rotacismo, un trazo do que a poboación é menos consciente e que non está estigmatizado.

En canto aos tipos de gheada só temos no noso traballo a realización velar e farínxea, sendo a primeira delas moi maioritaria como innovación fonética que substitúe ás realizacións restantes. Analizando o perfil dos falantes que presentaron gheada farínxea vemos que aparece na maioría en informantes das dúas xeracións máis vellas, con estudos básicos, de clase media-baixa e con tipo de oficio rural ou sector servizos. É así no caso dos falantes 17, 18, 26, 41, 68, 69, 88 e 90. O caso da falante 33 supón unha excepción xa que cumpre coas características anteriores mais pertence ao tramo de idade 2 (ten entre 15 e 25 anos). Deste xeito, a realización farínxea é minoritaria xa que aparece en 9 falantes fronte aos 59 restantes que presentan a realización velar. A gheada-

Uso da gheada e o rotacismo. Comparativa




Figura 5. Comparación do uso da gheada e o rotacismo. (Unidade: %)

Fonte: elaboración propia do autor.

da pois, ademais de ser un trazo en retroceso (Mariño, 2017: 556) tamén está perdendo realizacións tradicionais como a laringal, uvular e a, aquí tratada, faringal. Isto débese a unha maior exposición ao castelán por parte das persoas máis novas e vai da man tamén dun maior nivel de estudos.

5. Conclusións

En conclusión, e recapitulando os principais resultados desta investigación sobre cambio de código e acomodación lingüística en galego, obtivemos que os falantes presentaron un alto mantemento da variedade local e da estándar galega. Deste xeito, foi o galego a lingua máis beneficiada da interacción nas entrevistas. En particular, se confrontamos as linguas habituais dos falantes coas linguas que empregaron nas entrevistas, observamos un forte mantemento da variedade local e un leve incremento da variedade estándar. Deste xeito, a variedade dialectal que analizamos neste traballo presentou un nivel de resistencia alto posiblemente porque os falantes, pese a estaren sendo gravados pola televisión, permaneceron dentro da súa comunidade, usuaria maioritaria-

mente do galego e da variedade local. Así, o falante tendeu, por regra xeral, a situarse tamén lingüisticamente no endogrupo.

Se falamos dos trazos a estudo, obtivemos que a gheada tivo un uso medio-baixo, sendo así o trazo que maior acomodación recibiu, mentres que o rotacismo presentou un uso alto. Así, podemos confirmar parte da nosa hipótese xa que a gheada baixa o seu uso notablemente nun contexto formal debido ao forte estigma que posúe o trazo fronte ao rotacismo, que ve minimamente alterado o seu uso (só un 20% o abandona) por non ter esa valoración social e os falantes non seren tan conscientes do seu uso.

Máis polo miúdo, obtivemos que son as mulleres as que maior acomodación realizan tanto na gheada como no rotacismo, podendo constatar así un grupo feminino lingüisticamente máis innovador e, polo tanto, que acomoda e achega máis a súa variedade á do interlocutor. Neste sentido, o grupo masculino foi máis conservador e mantívose máis fiel á variedade local. Seguindo coas variables sociolingüísticas, tamén foi relevante que os falantes que máis empregaron a gheada foran o das xeracións máis novas (tamén a máis anciá) e isto pode vir a apoiar un cambio na tendencia de uso do trazo posto que habitualmente é máis utilizado só polas xeración maiores. A variedade do nivel de estudos revelounos que canto maior é a formación dos falantes, maior tamén é a acomodación que estes realizaron, debéndose isto probablemente, a que teñen un maior repertorio lingüístico e a que xa fan uso habitualmente da variedade estándar. En relación con esta variable, está tamén a da clase social, que semella afectar bastante na acomodación, sendo os que máis a practican os de clase media-alta. E, en relación ao tipo de oficio, os falantes que forman parte do sector rural son os que empregaron unha variedade máis converxente coa estándar do reporteiro. Por último, tamén nos pareceu indicativo para o proceso de cambio lingüístico do galego que, ademais dun menor uso da gheada, que como sabemos é un trazo en retroceso, tamén se presentou nos nosos resultados unha realización velar maioritaria. Este tipo de gheada, innovadora no noso territorio, semella substituír á farínxea, a vernácula da variedade morañesa, especialmente nas xeracións máis novas.

En definitiva, consideramos que os resultados da nosa investigación foron proveitosos xa que, en xeral, permitiron dar resposta ás nosas hipóteses pese a recoñecermos que é moito máis produtivo entrevistar a falantes de maneira presencial, en grupo e tamén individualmente, e preguntarlle polas súas actitudes lingüísticas cara certos trazos ou comportamentos lingüísticos. Con este traballo ábrese diferentes perspectivas sobre o cambio lingüístico asociado á identidade e ás ideoloxías lingüísticas posto que estas son motor de gran parte das mudanzas en marcha. Dentro do galego, e debido á súa deriva sociolingüística, tería especial interese, por exemplo, a análise da interacción entre neofalantes e paleofalantes.

Referencias bibliográficas

- Bourdieu, Pierre (2014 [1982]): *¿Qué significa hablar? Economía de los intercambios lingüísticos*, Madrid, Akal.
- Cantero, Francisco José y Clara De Arriba (1996): “El cambio de código: contextos, tipos y funciones”, en José Luis Otal Campo, Victoria Codina Espurz e Inmaculada Fortanet Gómez (coords.): *Estudios de Lingüística Aplicada*. Castellón, Publicacions de la Universitat Jaume I, pp. 587–596.
- Dopazo Entenza, José Manuel (2022): *A lingua na Illa de Ons. Análise da variación e do cambio lingüístico*, Universidade de Santiago de Compostela, <<http://hdl.handle.net/10347/29395>>.
- Fernández Rei, Elisa (dir.): *Contacto, cambio lingüístico e ideoloxía en contextos de minorización lingüística*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, <<https://ilg.usc.es/gl/proxectos/contacto-cambio-linguistico-e-ideoloxia-en-contextos-de-minorizacion-linguistica>>.
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.
- Fernández Rei, Francisco (2003): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Giles, Howard (1980): “Accommodation theory: Some new directions”, en Manikhu W. Sugathapala de Silva (ed.), *Aspects of linguistic behavior*, York, UK, York University Press, pp. 105–136.
- Goffman, Erving (1972) [1967]: *Interaction ritual essays on face-to-face behavior*, Londres, Penguin.
- Gumperz, John Joseph (1982): *Discourse Strategies*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Gumperz, John Joseph (2009 [1968]): “The speech community”, en Alessandro Duranti (ed.) (1997), *Linguistic anthropology: A Reader*, Hoboken, Wiley-Blackwell.
- Instituto da Lingua Galega (1999): *Atlas Lingüístico Galego III: Fonética*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Instituto Galego de Estatística (2019): *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*, <https://www.ige.eu/estatico/html/gl/OperacionsEstruturais/PDF/Resumo_resultados_E_EF_Galego_2018.pdf>.
- Kabatek, Johannes (2015): “Sprachkultur und Akkomodation”, en Michael Bernsen, Elmar Eggert, Angela Schrott (eds.), *Historische Sprachwissenschaft als philologische Kulturwissenschaft. Festschrift für Franz Lebsanft zum 60. Geburtstag*, Bonn, Bonn University Press / V&R Unipress, pp. 165–177.
- Labov, William (1983 [1972]): *Modelos Sociolingüísticos*, Madrid, Cátedra.
- Lippi Green, Rosina (1989): “Social network integration and language change in progress in a rural alpine village”, *Language in Society*, 18, pp. 213–234, <https://www.academia.edu/749540/Social_network_integration_and_language_change_in_progress_in_a_rural_alpine_village>.
- Louredo Rodríguez, Eduardo (2019): *Variación e cambio lingüístico en tempo aparente: o galego do Ribeiro* [Tese de Doutoramento], Repositorio Institucional da USC, Universidade de Santiago de Compostela, <<http://hdl.handle.net/10347/19106>>.
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Monteagudo, Henrique, Xaquín Loredo y Martín Vázquez (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992–2013*, A Coruña, Real Academia Galega, <<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/305/301/254>>.
- Recalde Fernández, Montserrat (2022): *A gheada e o seseo: entre as ideoloxías da estandarización e as ideoloxías da resistencia* [Tese Doutoral], Repositorio Institucional da USC, Universidade de Santiago de Compostela, <<http://hdl.handle.net/10347/28961>>.

Code switching and linguistic accommodation in front of television cameras: Gheada and rhotacism. A contribution to linguistic change in Galician

Keywords: Code switching — linguistic accommodation — gheada and rotacism — linguistic ideologies — linguistic change.

Abstract

Code-switching and linguistic accommodation are more or less natural and common phenomena within bilingual communities composed of speakers who, the greater their linguistic repertoire, the more pragmatic possibilities they will have when communicating with their interlocutor, adapting to the topic, situation or registration

How these changes occur and what they mean for the ongoing linguistic change in Galician will be the objective of this work. In addition, we will focus on the analysis of the behavior of a group of Moranese speakers with respect to the dialectal features of the gheada and the rhotacism when they are recorded by television cameras. Thus, and following Lavob's variationist sociolinguistics methodology, we were able to observe that gheada is the trait that will receive the greatest accommodation in the face of the great maintenance of rotacism, that women are the most innovative group and that the younger generation seems to recover some uses traditional language.

Fecha de recepción: 1 de junio de 2023

Fecha de aceptación: 6 de noviembre de 2023